

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 22 DE ABRIL DE 2021.

Dá comezo a xuntanza ás 9:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Juan Bautista Zalvide Torrente, Margarita Estévez Saá, José Ángel Fernández Escribano, Antonio Azaustre Lago, Marta Rodríguez Castro, Cecilia Alonso Rego, Ángel García Alonso, Marco Eugenio Vázquez Sentís, Eva Rodil Rodríguez, Carolina López Gómez, Sandra Robla Álvarez

Desculpan asistencia: Ramón Vicente López Facal, Dolores Vilavedra Fernández

ORDE DO DIA

1. Informe do presidente da EDIUS
2. Informe dos subdirectores da EDIUS
3. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento:
 - Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura y cultura.
4. Informe das memorias de modificación para a súa implantación no curso 2022/2023 dos programas de doutoramento seguintes
 - Enxeñaría Química e Ambiental
 - Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
 - Matemáticas
5. Asuntos de trámite
6. Rogos e Preguntas

1. Informe do director da EDIUS

- Informar que recibíronse once (11) informes das comisións de acreditación da ACSUG, indicar que exceptuando o programa de doutoramento Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas, que ten problemas co criterio relacionado cos recursos humanos e coa taxa de abandono do programa, o resto dos programas teñen un informe favorable so se lle indica modificacións a realizar para a súa mellora.
- A área de calidade esta a traballar na mellora das enquisas de satisfacción dos distintos grupos implicados nos programas de doutoramento, PDI, PAS, estudantado e egresados/as. Está a traballar conxuntamente coas universidades de Vigo e A Coruña para ter unhas enquisas semellantes. Pasarán a facerse cada dous anos ó PDI e PAS, o estudantado no primeiro ano, no terceiro ano e o remate do seu doutoramento, e os egresados/as os dous anos de ter defendida a súa tese.

2. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non hai

3. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento:

- **Estudios ingleses avanzados: lingüística, literatura y cultura.**

Acordase informar favorablemente

4. Informe das memorias de modificación para a súa implantación no curso 2022/2023 dos programas de doutoramento seguintes

- **Enxeñaría Química e Ambiental**

Acórdase informar favorablemente coas seguintes recomendacións:

- No apartado “Actividades formativas” (pg 20 da memoria) indícanse as actividades obrigatorias e optativas do programa. A recomendación da Comisión de Calidade a este respecto é que o principio deste punto da memoria se achegue unha pequena información de cales das actividades formativas son obrigatorias e cales optativas. Ademais de recomendar a realización de actividades formativas transversais das ofertadas pola EDIUS e a participación nos encontros para xoves investigadores.
- No apartado “Recursos Humanos” (pg 40 da memoria) recomendase añadir información descritiva dos distintos apartados para completar as táboas xa incluídas.

- **Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias**

Acórdase informar favorablemente coas seguintes recomendacións:

- Na portada da memoria presentada pon “memoria para la solicitud de verificación de” cando en realidade é unha “memoria para la solicitud de modificación de”.
- No apartado de “Complementos de formación” (pg 19) indicase que “Estos complementos podrán ser materias o módulos de másteres”. A recomendación da Comisión de Calidade é que se defina os másteres concretos nos que impártense as materias a cursar polos doutorandos/as.
- No apartado “Actividades formativas” (pg 20 de la memoria) indicase unha serie de actividades formativas que se ofertan a os/as doutorandos/as con indicación de quen as imparte. Así mesmo indicase que todas as actividades formativas propias do programa son optativas. A recomendación da Comisión de Calidade a este respecto é que na memoria indíquese especificamente si é necesario a realización de actividades formativas, aínda que só se determine un número de horas mínimo que deberase realizar por curso académico ou durante a totalidade dos estudos. Por outro lado, as actividades formativas ofertadas detallase a persoa(s) que imparten ditos cursos, recomendase deixalo de forma mais xenérica indicando a temática dos cursos e no seu caso que son cursos ofertados como actividades formativas transversais na EDIUS.

- Na memoria presentada no apartado de “Procedimiento de depósito, autorización y defensa de la tesis” (pg 36) indicase “Además, para complementar el seguimiento de los/as doctorandos/as la USC a través de la EDIUS podrá implementar otros mecanismos de supervisión”. A recomendación da Comisión de Calidade é que esta indicación se faga no apartado de “Seguimiento del doctorando – evaluación anual” (pg 33).
- Na memoria presentada no apartado de “Seguimiento del doctorando – plan de investigación” (pg 32) indicase “Las tesis de doctorado deberán cumplir el/los requisitos de calidad mínimo/s establecidos...”. A recomendación da Comisión de Calidade é que esta indicación se faga no apartado de “Procedimiento de depósito, autorización y defensa de la tesis” (pg 35) como criterio de calidade.

- **Matemáticas**

Acórdase informar favorablemente coas seguintes recomendacións:

- No apartado “Actividades formativas” (pg 16 da memoria) recomendase a realización de actividades formativas transversais da EDIUS e a participación nos encontros para xoves investigadores. Así mesmo indicase que todas as actividades formativas propias do programa son optativas. A recomendación da Comisión de Calidade a este respecto é que na memoria se marque especificamente si é necesario a realización de actividades formativas, aínda que só se termine un número de horas mínimo que deberase realizar por curso académico ou durante a totalidade dos estudos.
- No apartado de “Seguimiento del doctorando” (pg 23) recomendase incluír a referencia a que dende a EDIUS pódese establecer a este respecto requisitos de obrigado cumprimento. Exemplo:

“Para complementar el seguimiento de los/as doctorandos/as la USC a través de la EDIUS podrá implementar otros mecanismos de supervisión, seguimiento y aseguramiento de la calidad del trabajo de investigación realizado por los/las doctorandos/as que, de existir, deberán ser implementados por todos los programas de doctorado. Estos, a su vez, también podrán establecer mecanismos adicionales de supervisión y seguimiento de sus doctorandos/as que considere adecuados en función de los conocimientos, competencias y habilidades formativos y científicos a adquirir por aquellos/as.”
- No apartado de “Procedimiento de depósito, autorización y defensa de la tesis” (pg 25) recomendase que na memoria se contemple a referencia a que dende a EDIUS pódese establecer uns criterios de calidade das teses de obrigado cumprimento. Exemplo:

“Las tesis de doctorado deberán cumplir el/los requisito(s) de calidad mínimo(s) establecidos por la EDIUS para todos los programas de doctorado para autorizar su solicitud de depósito y posterior defensa, de existir aquellos. Además, el programa de doctorado podrá establecer los requisitos de calidad adicionales que considere adecuados según sus objetivos formativos y científicos para las tesis que se desarrollen en su seno.

- No apartado “Criterios de admisión específicos en el Programa de Matemáticas” (páxina 12 da memoria) especificase como primeiro criterio a “Disponibilidad de la línea de investigación solicitada por el alumno”. Seguindo as recomendacións da ACSUG propónse ser máis específico na descrición de este criterio establecendo no seu lugar “1/2 Informes de viabilidade: Cartas de referencia de un profesor/a do PD que avale a viabilidade de la futura tesis en el marco de la línea de investigación a la que se vincule”

5. Asuntos de trámite.

Non hai

6. Rogos e Preguntas.

Quedan convocadas as vindeiras xuntanzas para o día 30/04/2021 vía correo electrónico e para o 06/05/2021 vía MS Teams.

Sen mais asuntos que tratar levantase a sesións as 10:10 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/06/2021 13:38:34.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF 35320748Q, 07/06/2021 13:03:42.

CSV: F091-CF96-4816-967C